

Energía comunitaria, QUE NINGUÉN QUEDE ATRÁS!

OBRADOIRO COLECTIVO EN GALICIA

Esta actividade forma parte do proxecto estatal e local *Tomemos la energía-Fagamos Nosa a Enerxía*, financiado por unha subvención LIFE. O pasado 28 de setembro tivo lugar o encontro en rede “Sin dejar a nadie atrás” a nivel estatal, no que se convidaron a persoas de distintos colectivos e contextos sociais para reflexionar sobre os problemas sociais e ambientais que supón a xestión enerxética neste sistema socioeconómico.

Cada grupo local organiza unha réplica do evento no seu territorio atendendo ás súas propias necesidades, obxectivos e contexto. No caso de Galicia, tendo en conta que existen varias iniciativas en desenvolvemento, promovidas na súa maioría por Comunidades de Montes en Man Común, deseñouse un evento adaptado ás necesidades de este colectivo. **Este evento foi organizado por Amigas da Terra e facilitado por ISENER.**



Enerxía comunitaria, QUE NINGUÉN QUEDE ATRÁS!

NOTAS DE TRABALLO PARA A RÉPLICA:

Data: sábado 28 de xaneiro

Horario: 10:30 -19:00 horas

Lugar: Centro Sociocultural As Pedriñas, Mos

Público obxectivo: Comunidades de montes veciñais, axentes que queiran impulsar proxectos de comunidades enerxéticas, colectivos rurais vulnerables e outros, que normalmente non participan ou non teñen visibilidade en proxectos enerxéticos.

FORMATO DA XORNADA:

A xornada dividiuse en dúas partes diferenciadas:

Unha primeira parte formativa pola mañá, sen límite de prazas, dirixida a comunidades de montes en man común, persoal con formación en silvicultura e enxeñaría forestal implicado na xestión de montes veciñais comunitarios e axentes de todo tipo relacionados co proceso de creación e promoción de comunidades enerxéticas. Esta primeira parte dividiuse á súa vez, nunha mesa de experiencias inicial na interviron representantes de diferentes proxectos en marcha en Galicia, e dunha segunda parte na que se convidou a persoas expertas que tentaron dar resposta ás principais inquietudes e necesidades identificadas polas promotoras e participantes das comunidadee enerxéticas en desenvolvemento, en particular trátase de explorar unha das barreira que máis afectan ao noso territorio, de tipo legislativo, o non recoñecemento das comunidades de montes veciñais en mano común como entidades idóneas para o desenvolvemento de comunidades enerxéticas.

A sesión da tarde está orientada á reflexión en mesas de traballo, nas que convidamos a un grupo reducido de 30 participantes compostos por comunidades e axentes implicadas no impulso de proxectos de enerxía comunitaria, colectivos rurais vulnerables e outras organizacións que, tendo presenza no rural galego, normalmente non participan ou non teñen visibilidade en proxectos enerxéticos.

Na sesión formativa da mañá participaron máis de 70 persoas, e nas mesas de traballo da tarde participaron máis de 25 persoas, entre participantes de comunidades de montes veciñais en man común, participantes de comunidades enerxéticas en desenvolvemento e integrantes de organizacións sociais e ecoloxistas.



Na primeira dinámica os contactos por parellas favoreceron un ambiente de confianza, no cal as participantes desvelaronse unhas ás outras as expectativas e intereses postos na xornada. Das respostas obtidas destácanse as seguintes:

<p>Por que viñeches a este evento?</p>	<p>Por que che gustaría participar nunha comunidade enerxética ou animar a outros a que o fagan?</p>
<ul style="list-style-type: none"> ◦ Para informarme e ter coñecementos para esixir cambios ◦ Porque pertenzo a unha comunidade enerxética e para aprender máis ◦ Para informarme das experiencias e ver que facer no meu concello ◦ A ver se é interesante para a miña comunidade e para min ◦ Para poder desenvolver comunidades enerxéticas nas comunidades de montes 	<ul style="list-style-type: none"> ◦ Facer o noso entorno máis sostible ◦ Crear comunidade ◦ É importante producir enerxía para vivir con dignidade dende o punto de vista soberano ◦ Creo na economía colaborativa e social ◦ Porque as comunidades son a única forma de saír da crise e coidar do medio ambiente ◦ Recuperar a nosa autonomía enerxética ◦ Pola xustiza social

CONCLUSIÓNS

- Da información obtida resaltamos como principais barreiras identificadas, relativas á participación, a falta de información e de concienciación, o individualismo, a ruptura dos lazos comunitarios existentes e a desconfianza que isto xenera, a falta de tempo, a desvinculación da poboación co territorio, a reducida participación de mulleres e xóvenes e a dificultade de xestionar a participación para integrar as diversas voces. Identifícanse tamén outras barreiras como a limitada implicación institucional e política, a manipulación informativa, a concentración de poder das empresas do oligopolio e as dificultades administrativas e lexislativas. Adquire grande relevancia unha barreira de tipo lexislativo, o non recoñecemento das comunidades de montes veciñais en man común como entidade idónea para constituirse en comunidades enerxéticas, ao verse éstas obrigadas a desenvolver novas figuras xurídicas paralelas para ser considerada como CCEE, o que supón unha sobrecarga administrativa moi importante.
- Como propostas de solución extrapólase a percepción de que se trata dun problema sistémico, conectado co resto de crises e problemáticas que existen na actualidade (en particular súliñase a interrelación entre a soberanía enerxética e a alimentaria) e destácase a necesidade de incorporar a interxeneracionalidade e novas miradas, o potencial papel das institucións como facilitadoras e a necesidade dunha información de calidade e de asesoramento integral (técnico, económico, xurídico e de xestión da participación)

A continuación detállanse as principais solucións propostas polos seis grupos de traballo:

Situación / contexto

◦ Nivel de implementación das CCEE	◦ Menos dunha ducia
◦ Tipoloxía das entidades promotoras	Espazos onde existe un movemento social previo
◦ Fase de desenvolvemento	◦ Primeiros pasos, poucas en fase de implantación
◦ Diversidade de participación	◦ Poucas mulleres, case ningunha persoa empobrecida e as persoas máis novas desconéctanse por falta de interese
◦ Elementos do contexto facilitadores	◦ Incremento da concienciación sobre a posible falla no abastecemento a partir da crise do COVID19. Creación de espazos de escoita activa

Elementos do contexto limitantes

◦ Barreiras administrativas	◦ Trámites administrativos extensos e complexos
◦ Barreiras lexislativas	◦ Lexislación complexa ◦ Lexislación de arriba cara abaixo, que non responde aos intereses da cidadanía ◦ Non recoñecemento das comunidades de montes en man común como entidades idóneas para constituirse en CCEE
◦ Barreiras económicas	◦ Dificultades de financiamento
◦ Barreiras técnicas	◦ Falta de asesoramento imparcial
◦ Información/ accesibilidade	◦ Falta de información
◦ Sociais/culturais	◦ Desconfianza das institucións e dos políticos (portas xiratorias), o capitalismo verde do oligopolio, falta de interese e de concienciación do traballo veciñal e do activismo, individualismo, ruptura dos lazos comunitarios, falta de tempo, crenzas limitantes, desconexión coa contorna e co territorio, despoboación e falta de renovación xeracional

Enerxía comunitaria, QUE NINGUÉN QUEDE ATRÁS!

Propostas

- Sistémicas
 - Decreemento, control das multinacionais, recuperar o amor á natureza, revalorización do rural, considerar o coñecemento comunitario tradicional, non renunciar aos coñecementos das avoas e dos avós e darlles continuidade, recoñecer o pasado como garantía de futuro, valorar o común por riba do individual, facer unha revisión e análise das necesidades vitais comúns, liberar ás mulleres da exclusividade nos coidados para que gañen tempo nos procesos de participación colectiva, empoderamento ecofeminista

Prácticas e propostas

- Institucións
 - Páxina web con mapeo de iniciativas exemplarizantes que funcionen
 - Marcos legais flexibles que faciliten a implementación
 - Participación das institucións
 - Redes de equipos técnicos especializados na materia organizadas por territorio, que dean apoio a aquelas persoas que lideran comunidades enerxéticas: técnico (estudos de viabilidade independentes, resolución de dúbidas...), lexislativo, finanzas, contabilidade, comunicación, participación (facilitadores)...
 - Realizar un mapeo de entidades con capacidade e/ou experiencia na implementación de comunidades enerxéticas
 - Fomentar a participación das mulleres na toma de decisións e nos órganos de dirección (puntos en subvencións...)
 - Disponibilizar datos sobre os recursos enerxéticos de cada zona
 - Dotar de figura xurídica ás CMVMC
 - Facilitar a conexión á rede eléctrica
 - Protexer o traballo que realizan as iniciativas cidadás de lobbies ou empresas oportunistas, xerar regulacións globais que o protexan

	<ul style="list-style-type: none"> ◦ Desenvolvemento legislativo simple e desde abaixo cara arriba, ao servizo da cidadanía ◦ Titulación FP sobre agricultura ecosocial e comunidades rurais
<ul style="list-style-type: none"> ◦ Sociedade civil organizada 	<ul style="list-style-type: none"> ◦ Informar de comunidades enerxéticas en marcha e das súas vantaxes ◦ Facer guías modelo posibles/viables ◦ Facer unha lista de axudas ◦ Organizar xornadas de encontro con outras comunidades: intercambio de coñecementos e experiencias (nos espazos de participación existentes vinculados aos territorios) ◦ Educación ambiental. Proxección de películas sobre medio ambiente e logo coloquio. Exemplos da crise enerxética. Concienciar sobre o uso colectivo dos recursos. ◦ Charlas formativas. Uso de linguaxe sinxela non técnica, falar nas escolas das comunidades enerxéticas. ◦ Creación de bases de coñecemento e redes de apoio entre comunidades enerxéticas ◦ Accións sociais que chamen a atención para optar á transposición do dereito da Unión Europea ◦ Demostrar que non hai unha solución individual ◦ Convidar a alguén a liderar un modelo comunitario ◦ Xerar pequenos espazos locais de discusión periodicamente e trasladarlle as conclusións ás administracións ◦ Denunciar o capitalismo verde ◦ Informar sobre a economía social e as posibilidades que ten para financiar estes proxectos ◦ Explicar as vantaxes da non dependencia enerxética das grandes empresas e da xeración descentralizada ◦ Ofrecerlles ás comunidades en proceso de desenvolvemento formación específica sobre gobernanza e participación ◦ Empoderar á poboación sobre as súas posibilidades respecto á soberanía enerxética

Enerxía comunitaria, QUE NINGUÉN QUEDE ATRÁS!

◦ Comunidades enerxéticas en desenvolvemento

- Financiamento con apoio dos montes veciñais
- Contar coa figura de facilitación nas diferentes reunións
- Implementar a figura de facilitador/a nas reunións, que garanta que se expresen todas as voces
- Compartir os recursos que xa temos (ferramentas, coches, instrumentos musicais ou agrícolas, roupa...)
- Recoñecer pequenos logros e celebrar, para fortalecer redes e crear comunidade
- Actividades interxeracionais con momentos de participación para todas as idades
- Sentar as bases para que a diversidade de colectivos estea representada
- Crear espazos para as crianzas nos que se realicen actividades relacionadas coa temática
- Uso de baterías virtuais
- Facilitar a mobilidade e accesibilidade aos espazos de reunión
- Involucrar as distribuidoras locais
- Facilitar espazos onde a conciliación sexa clave e que sexan respectuosos e acolledores
- Respetar os tempos e procesos persoais das persoas participantes
- Involucrar as administracións municipais
- Usar unha linguaxe inclusiva
- Usar imaxes que inclúan a diversidade das persoas
- Usar medios de comunicación local para difundir

- Reinventar novos usos para vellos solucións e institucións
- Recuperar os traballos colectivos e as festas que se celebran despois
- Crear máis espazos comúns e potenciar a escoita
- Utilizar os recursos sociais das persoas: comunidades de montes, de auga, veciñanza, festas
- Traballo colaborativo e solidario nas aldeas e vilas
- Involucrar a xente nova, escoitala, facer cousas que os fagan pensar ou organizarse
- Facer que os espazos de reunión sexan acolledores
- Crear grupos de representación local que inflúan na lexislación



“SOMOS UNHA ASOCIACIÓN ECOLOXISTA SEN ÁNIMO DE LUCRO COA MISIÓN DE FOMENTAR UN CAMBIO LOCAL E GLOBAL CARA A UNHA SOCIEDADE RESPECTUOSA CO MEDIO AMBIENTE, XUSTA E SOLIDARIA. SOMOS UN GRUPO DE PERSOAS QUE DEFENDEMOS A XUSTIZA SOCIAL E AMBIENTAL; CREMOS FIRMEMENTE QUE O CENTRO DAS POLÍTICAS HAN DE SER ASPERSOAS E A TERRA. ASÍ, DENUNCIAMOS E PRESIONAMOS A EMPRESAS E ADMINISTRACIÓNS, Á VEZ QUE PROPOÑEMOS DIVERSAS SOLUCIÓNS **PARA LOGRAR UN MUNDO MÁIS XUSTO**”



info@amigosdaterra.net

www.amigosdaterra.net

988 37 43 18



El proyecto UP4CommunityEnergy ha sido financiado por el Programa LIFE de la Unión Europea. El contenido de esta publicación es responsabilidad exclusiva de Amigos de la Tierra y no refleja necesariamente la opinión de la Unión Europea